

# O SABOR DA AVENTURA! ESTA NO MAR!

galicia

UNIÓN EUROPEA  
FONDO EUROPEO MARÍTIMO  
E DE PESCA (FEMP)

XUNTA  
DE GALICIA

IES Muralla Romana  
Destino: Cervo - Burela, 31 de Marzo

## PROGRAMA

8:50	Saída do centro educativo
10:30	Recepción dos visitantes
10:30 – 11:30	Visita ao Museo Provincial do Mar de San Cibrao
11:30 – 11:45	Desprazamento a Burela
11:45 – 12:30	Visita á nave de redeiras de Burela
12:30 - 13:00	Cátering: merenda mariñeira
13:00	Regreso ao centro educativo

### 1.- Recepción de visitantes e visita ao Museo Provincial do Mar de San Cibrao

O Museo Provincial do Mar de San Cibrao pretende reflectir a historia e a vida mariñeira da costa lucense, amosando a súa riqueza biolóxica e etnográfica.

Consta de catro seccións: na primeira fáiselle unha lembranza e unha homenaxe á escola, ao uso para o que foi concibido o edificio que hoxe contén o museo, a segunda adícase á carpintería de ribeira en San Cibrao, así como as tipoloxías construtivas máis comúns que saíron dos seus estaleiro, a terceira presenta os oficios do mar e as artes e aparellos de pesca e a cuarta ten como protagonista e a caza e os restos óseos das baleas.



### 2.- Cátering: merenda mariñeira.

Na última parte da visita, coa finalidade de **coñecer os alimentos do mar desde o punto de vista culinario**, terá lugar a elaboración e degustación de preparacións, a base de produtos da terra e mar, onde cobrará **especial protagonismo a participación dos nenos e nenas**.

### 3.- Visita á nave de redeiras de Burela

Na **nave de redeiras**, os nenos realizarán unha viaxe sobre o oficio de reparación e armado de **redes e aparellos de pesca**, visualizarán a exposición permanente de equipos de navegación e utensilios e artes de pesca e aprenderán a realizar xoiería con refugallos das artes de pesca.

